

Recesende Merece Máis!



Eloi Devesa, candidato á Alcaldía

Recesende

O que urxe facer...

O concello de Teo sofre hoxe moitas eivas e problemáticas derivadas dun crecemento urbanístico desordenado e deshumanizado. Esta situación, unida á falta de proxectos globais que involucren a veciñanza asentadas nas zonas rurais, son causa importante do freo ao progreso integral de Teo.

*Ante esta situación, **desde o BNG queremos implementar unha serie de políticas activas de dinamización que consideramos esenciais para rachar cos nosos males endémicos e cohesionar as distintas parroquias nun único ente que sexa reflexo da súa pluralidade.** Estas medidas están recollidas no noso programa marco para Teo.*

O noso contrato con Teo é plural e debe ter en conta as necesidades específicas das distintas parroquias para non deixar a ninguén atrás.

Porque Teo merece máis, en Recesende

- ▶ Prestaremos especial atención á seguridade viaria e á conectividade entre as distintas zonas da parroquia, procurando acabar coas pistas sen saída. Neste sentido, atenderemos á mellora da zona de Tarrío e do Casal de Recesende; centrándonos na contorna do instituto, en Requián, e na zona da escola en Vilanova de Recesende, onde é preciso resolver os problemas de augas xerados polos badéns.
- ▶ Investiremos recursos na humanización dos núcleos habitacionais das distintas aldeas da parroquia (Casaldomiro, A Pedra, Tarrío...); así como na posta en valor da contorna do río e regatos e na conservación dos espazos públicos que rodean a igrexa de Recesende no lugar de Seoane.
- ▶ Investiremos recursos no mantemento das novas beirarrúas e estradas.
- ▶ Promoveremos a resolución dos problemas que provocan as conexións precarias á auga da traída.
- ▶ Fomentaremos a realización de actividades destinadas á socialización das persoas maiores.

Máis Concellos BNG!



- ▶ Fomentaremos a convivencia pacífica e o civismo veciñal para que a xestión dos residuos propios ou a poda de árbores de fincas particulares non supoña un problema para a veciñanza.
- ▶ Promoveremos a aclaración das condicións de propiedade da Casa Común e do Cemiterio.

Con esas propostas queremos dar **#unpasoadiante** para que **Luou avance** con Teo.



UN
NOVO TEO

PARROQUIA
A PARROQUIA

RECESENDE